

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 3 DE XULLO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE EN FUNCÍONS:

Don Alberte Lamazares Casero

CONCELLEIRAS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a tres de xullo de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente en funcións Don Alberte Lamazares Casero, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao

efecto convocada, e sendo as dez horas quince minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 1 de xullo de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— Antonio Lorenzo Calviño

Consta nas dependencias municipais a comunicación previa de execución de obras, presentada con data 20 de xaneiro de 2026 (RE-E núm. 36), coas seguintes características:

DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	ANTONIO LORENZO CALVIÑO
DNI	██████████

DOMICILIO	LUGAR DE CRISTIMIL, PARROQUIA DE SAN CRISTOVO DO AZ
REPRESENTANTE	JUAN CARLOS BARDELÁS LAMAS
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	MELLORA DE ACCESIBILIDADE DE VIVENDA UNIFAMILIAR
LUGAR	CRISTIMIL
PARROQUIA	SAN CRISTOVO AZ
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO DE NÚCLEO RURAL
RFª. CATASTRAL DO INMOBLE	36047A022000080001AF
DOCUMENTO TÉCNICO	SI (Proxecto técnico asinado polo arquitecto Don Alberto Blanco Rodríguez en data 20/01/26, e anexo de data 14/05/26)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	27.785,00 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) ANO
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 02/07/26)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de CINCOCENTOS CINCUENTA E CINCO EUROS SETENTA CÉNTIMOS (555,70 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

— Jaime Hermida Rey

Consta nas dependencias municipais a comunicación previa de execución de obras, presentada con data 30 de xaneiro de 2026 (RE núm. 83), coas seguintes características:

DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	JAIME HERMIDA REY
DNI	██████████
DOMICILIO	LUGAR DE CUÑARRO DO CABO, PARROQUIA DE ARNEGO

DATOS DA OBRA

OBJECTO	SUBSTITUCIÓN DE CARPINTERÍA EXTERIOR
LUGAR	CUÑARRO DO CABO
PARROQUIA	ARNEGO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA

RFª. CATASTRAL DO INMOBLE	001901700NH81E0001MR
DOCUMENTO TÉCNICO	NON (Memoria descriptiva asinada polo solicitante)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	10.523,91 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) MES
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 02/07/26)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de DOUSCENTOS DEZ EUROS CON CORENTA E SETE CÉNTIMOS (210,47 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores

das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

3.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE RODEIRO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DA FASE IV DUN EDIFICIO POLIVALENTE PARA USO ASISTENCIAL DESTINADO A CENTRO DE DÍA E PUNTO DE ATENCIÓN INFANTIL (PAI) DO CONCELLO DE RODEIRO

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar manifestou a súa disposición de atender á solicitude do Concello, colaborando coa cantidade de 150.000 € no cofinanciamento da Fase IV do edificio polivalente de uso asistencial destinado a Centro de Día e Punto de Atención Infantil (PAI). Dita colaboración plásmase a través da sinatura dun convenio de colaboración. O interese público municipal, consistente en acadar o remate de dita edificación asistencial, aconsella acordar a aprobación do dito convenio dado que o seu fin contribúe a satisfacer os intereses dos/as veciños/as do noso Concello de dotarse dunha instalación de dita natureza destinada á atención de persoas maiores e de menores de 0 a 3 anos, sectores que demandan unha atención integral por parte das distintas administracións públicas cocernidas.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Prestar aprobación ao CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE RODEIRO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DA FASE IV DUN EDIFICIO POLIVALENTE PARA USO ASISTENCIAL DESTINADO A CENTRO DE DÍA E PUNTO DE ATENCIÓN INFANTIL (PAI) DO CONCELLO DE RODEIRO, co contigo íntegro que se sinala no anexo ao presente acordo.

Segundo.- Aceptar expresa e integramente as cláusulas do Convenio e comprometerse ao cumprimento das obrigas que o Concello debe asumir en virtude do acordado.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde en funcións para que, na representación que ostenta, asine o Convenio de colaboración e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do presente acordo.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE RODEIRO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DA FASE IV DUN EDIFICIO POLIVALENTE PARA USO ASISTENCIAL DESTINADO A CENTRO DE DÍA E PUNTO DE ATENCIÓN INFANTIL (PAI) DO CONCELLO DE RODEIRO

Dunha parte, D. Perfecto Rodríguez Muíños, actuando en representación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, na súa condición de xerente, segundo nomeamento do seu Comité Directivo do 12.11.2015 (DOG núm. 221, do 19 de novembro), e mediante delegación de competencias do 9.9.2022 (DOG núm. 180, do 21.9.2022), da Presidenta do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Dña. Fabiola García Martínez, en virtude do previsto no artigo 13 dos Estatutos do Consorcio (DOG núm. 131, do 07.07.2006) de conformidade coas atribucións que lle encomendan os artigos 18 e demais concordantes dos referidos estatutos.

Doutra parte, D. Alberte Lamazares Casero, actuando en representación do Concello de Rodeiro en virtude da súa condición de Alcalde Presidente en funcións da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 61 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Ambas as partes, no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto

EXPOÑEN

I.- Que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, creado en virtude do convenio de colaboración subscrito entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e os Concellos, o día 3 de xullo de 2006, de acordo co artigo 6 dos seus estatutos, publicados no DOG do 7 de xullo de 2006, ten como misión primordial a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local, (centros de prestación de servizos sociais de atención especializada e tamén centros de prestación de servizos sociais de atención primaria "cando así o solicite o concello interesado"), con atención especial á xestión integral das Escolas Infantís de titularidade municipal, no ámbito territorial dos entes consorciados.

Que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar nace así, de acordo ás súas finalidades e competencias, co obxecto de implantar un modelo homoxéneo de prestación de servizos sociais e desta maneira:

- Garantir o acceso de todos os galegos e galegas a uns servizos sociais públicos de calidade, a través dunha oferta de recursos suficiente e equilibrada territorialmente;
- Incrementar os niveis de cobertura, intensidade e calidade de atención dos distintos servizos e prestacións;
- Realizar unha distribución efectiva dos servizos e prestacións a fin de dar resposta ás necesidades reais da poboación, asignando equitativamente o uso e acceso aos recursos sociais dispoñibles, a través de procesos de planificación previa, e tendo como principio de actuación o mantemento das persoas no seu contorno propio.

II.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuídas en exclusiva as competencias en materia de asistencia social

de acordo coa Constitución Española e o seu Estatuto de Autonomía.

En base nesta competencia exclusiva aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que lle atribúe a esta administración autonómica a planificación, ordenación e coordinación das políticas autonómicas de benestar e, entre elas, as referidas á atención ás persoas maiores e ás persoas en situación de dependencia.

III.- Que na Comunidade Autónoma de Galicia, o departamento encargado da planificación, ordenación e coordinación das políticas referidas á atención ás persoas maiores en situación de dependencia correspóndelle á Consellería de Política Social e Igualdade, en virtude do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que establece a súa estrutura orgánica.

IV.- Que de acordo co artigo 60 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, en relación co disposto nos artigos 10 a 13 deste mesmo texto legal, os concellos teñen atribuídas a creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios, tanto básicos como específicos, aínda que o artigo 59.i) tamén atribúe á Xunta de Galicia a creación, mantemento e xestión dos centros e programas dos servizos sociais comunitarios específicos que, pola súa natureza, ámbito supramunicipal ou outras circunstancias, debidamente xustificadas no marco do Plan estratéxico de servizos sociais, asuma a Xunta de Galicia.

V.- Que a propia Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, establece no seu artigo 64 e 64 bis que a Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos co fin de asegurar a calidade e cunha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e ao mantemento de servizos sociais comunitarios específicos. Esta coordinación poderá levarse a cabo a través de fórmulas xurídicas adecuadas para tal fin, como as fórmulas de cooperación interadministrativa de natureza consorcial. Para estes efectos, a disposición adicional segunda da devandita lei fai referencia expresa ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o cumprimento deses obxectivos, ao estipular que o Consorcio promoverá a coordinación e cooperación efectiva cos concellos galegos co fin de asegurar unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio de Galicia.

VI.- Que segundo o artigo 25.2 do Decreto 99/2012, de 26 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG núm. 63, do 30 de marzo), os servizos sociais comunitarios específicos actuarán como servizos de proximidade no medio vital das persoas destinatarias, favorecendo o mantemento dos seus vínculos familiares e comunitarios, a súa autonomía e calidade de vida.

No marco establecido no artigo 13 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, as funcións dos servizos sociais comunitarios específicos son, entre outras, consonte o previsto no artigo 26 e) do Decreto 99/2012, de 26 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e seu financiamento, a atención de persoas maiores en equipamentos que faciliten a súa socialización activa, a prevención da dependencia e a promoción da autonomía persoal.

VII.- Que con data do 16.3.2026 a Consellería de Facenda e Administración Pública e a Consellería de Política Social e Igualdade asinaron un Acordo de colaboración para o financiamento destinado a completar a rede de servizos sociais en colaboración coas entidades locais, modificado en virtude de addenda asinada o 25.3.2026.

En virtude do estipulado no devandito acordo, a Consellería de Política Social e Igualdade asume o compromiso de xestionar os fondos previstos para o referido financiamento, mediante a formalización de convenios de colaboración entre os concellos, nos que se inclúe o Concello de Rodeiro, e a consellería ou os seus entes adscritos.

VIII.- Que segundo o previsto no artigo 7.d) dos Estatutos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (DOG núm. 131, do 7 de xullo de 2006), no cumprimento dos seus fins, o Consorcio exercerá, en todo caso, e no ámbito territorial dos entes consorciados, como competencia específica, a determinación e/ou execución, en colaboración cos concellos, se é o caso, das obras de construción, mellora, reforma ou adaptación de instalacións que poidan ser necesarias para a prestación de servizos.

IX.- Que o Concello de Rodeiro adhiereuse ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio de convenio asinado o 19 de novembro de 2007.

X.- Que o Concello de Rodeiro, no exercicio das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios e atención ás persoas maiores, promove a execución da fase IV dun edificio polivalente para uso asistencial destinado a Centro de Día e Punto de Atención á Infancia (PAI) neste concello, co fin de destinalo a centro de día para a atención ás persoas maiores e a atención aos nenos e nenas de 0-3 anos.

XI.- Que co fin de posibilitar que o Concello de Rodeiro poida levar a cabo a creación dun Centro de Día e dun PAI neste concello, mellorando a cobertura dos servizos sociais municipais e contribuíndo á atención da demanda existente, considerando a solicitude realizada neste sentido, resulta necesario desenvolver a colaboración interadministrativa entre ambas as dúas partes para o financiamento das referidas obras.

XII.- Por todo o exposto, existe un evidente interese público de colaborar no desenvolvemento das obras descritas, considerando o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que a necesidade do equipamento social proxectado e o interese común de dotar dun novo servizo que contribúa a mellorar a atención ás necesidades das persoas maiores e aos nenos e nenas de 0-3 anos do Concello de Rodeiro, constitúen o motivo que xustifica o outorgamento desta axuda de carácter singular e que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto nos artigos 19.4 e 26º.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

XIII. - Baseándose no anterior, ambas as partes manifestan expresamente o seu desexo de asinar un CONVENIO DE COLABORACIÓN para financiar as obras da fase IV dun edificio polivalente para uso asistencial destinado a Centro de Día e Punto de Atención á Infancia (PAI), que serán realizadas por este concello.

Polo tanto, coa finalidade de mellorar a calidade de vida e o benestar das persoas maiores e os nenos e nenas de 0-3 anos do Concello de Rodeiro que precisan do antedito recurso asistencial para dar resposta ás súas necesidades de atención, as partes comparecentes acordan formalizar o presente convenio de colaboración, con suxeición ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é o de establecer as bases de colaboración entre as partes que o asinan para o financiamento de obras da fase IV dun edificio polivalente para usos asistencial destinado a Centro de Día e Punto de Atención á Infancia no Concello de Rodeiro, co fin de posibilitar a atención ás persoas maiores e aos nenos e nenas de 0-3 anos que precisan deste servizo.

Para este financiamento o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar realizará unha contribución máxima de 150.000 euros, e as cantidades executadas que excedan da achega do Consorcio serán por conta do Concello de Rodeiro.

SEGUNDA.- FINANCIAMENTO E PAGO

Para o financiamento do investimento obxecto deste convenio, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar comprométese a achegar ao Concello de Rodeiro a cantidade máxima de 150.000 euros durante o ano 2026, con cargo á partida orzamentaria 08.90 311A 760.00 do orzamento de gastos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

TERCEIRA.- OBRIGAS DO CONCELLO

Son obrigas do Concello as seguintes:

- Acreditar, como requisito previo para a concesión do financiamento, ter cumprido o deber de remisión das contas do exercicio ao Consello de Contas.
- Realizar as actividades obxecto de financiamento.
- Facilitar toda a información requirida polo Consorcio referente ao obxecto do presente convenio.
- Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación aplicable ao concello en cada caso coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control do gasto polos organismos correspondentes.
- Acreditar a realización do obxecto así como a aplicación dos fondos ao fin destinado, de acordo co establecido nas cláusulas primeira e segunda deste convenio.
- Acreditar, no seu caso, o importe doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que puidera ter recibido

para financiar as actuacións obxecto do presente convenio. De acordo coa previsión contida no artigo 17.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en ningún caso o dito importe poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coa achega realizada polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar supere o custe total das actuacións obxecto de presente convenio.

- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos.
- De conformidade co artigo 29.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello deberá destinar o inmovible ao recurso de atención ás persoas maiores durante un mínimo de 5 anos, no caso de bens inscribibles nun rexistro público e durante un mínimo de 2 anos para os restantes bens.
- De conformidade co previsto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o concello deberá cumprir as obrigas que sobre a subministración de información se poidan requirir. Para o caso do incumprimento desta obriga estarase ao disposto no artigo 4.4 da devandita lei.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas.
- Colocar un cartel informativo da actuación no que deberá figurar o logotipo da Xunta de Galicia na mesma proporción que o logotipo do Concello de Rodeiro.
- O Concello de Rodeiro comprométese a entregar ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar toda a documentación que sexa precisa para os efectos de xustificar o investimento realizado.

CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E FORMA DE PAGAMENTO

Respecto da forma de pagamento e no que atinxe á xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo estarase ao establecido nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións así como no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades en subvencións ás entidades locais galegas.

O prazo de xustificación rematará o 15 de decembro de 2026, podendo ser obxecto de financiamento ao abeiro do presente convenio as actuacións executadas a partir do 1 de xaneiro de 2026.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar efectuará o pagamento da contía comprometida en favor do Concello de Rodeiro, unha vez que o concello teña contabilizado o recoñecemento das obrigas polo órgano competente da entidade local. Para o cal deberá achegar as facturas referentes ao gasto realizado para a execución deste investimento, podéndose incluír neste os honorarios de redacción do proxecto, dirección de obra e de dirección de execución de obra, que deberán ir acompañadas dunha certificación expedida polo órgano correspondente da corporación local beneficiaria, acreditativa da súa aprobación polo órgano competente.

A contía comprometida en favor do Concello de Rodeiro só será satisfeita cando o concello achegue xustificantes de gasto e certificación do órgano que teña atribuídas na dita entidade as correspondentes facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida que acaden un importe igual ou superior ao total da contía subvencionada.

En todo caso, como xustificación final da subvención e como requisito para a tramitación do pagamento da contía prevista ao abeiro do presente convenio, o Concello de Rodeiro deberá achegar a declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma.

Para o pagamento da contía prevista ao abeiro do convenio, o Concello de Rodeiro, ademais da documentación indicada nos puntos anteriores, deberá presentar unha conta xustificativa da subvención, segundo o artigo 10 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, que conterá a certificación prevista na letra a) deste artigo, isto é, a certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do Alcalde, relativa á aprobación do órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar o contido detallado no citado precepto, así como a documentación esixida nas letras d) e e), esta última de ser o caso, do citado artigo. Igualmente, de ser o caso, deberá presentar a restante documentación á que fai referencia o mencionado artigo.

Coa xustificación final o Concello deberá presentar ademais unha declaración sobre o importe doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que puidera ter recibido para financiar as actuacións obxecto do presente convenio.

A xustificación incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para o cal foi concedida, de conformidade co previsto no artigo 8 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

A xustificación incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou órgano que teña atribuída as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedido o financiamento previsto ao abeiro do presente convenio.

O Concello de Rodeiro estará obrigado a acreditar documentalmente, no prazo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na súa conta bancaria, a efectividade dos pagamentos realizados polo dito concello, correspondentes aos aboamentos destinados ao financiamento da execución do dito investimento.

A corporación local tamén estará obrigada a achegar toda a documentación xustificativa que se lle requira, correspondente ao investimento obxecto deste convenio, para a súa xustificación.

A contía concedida á corporación local, en virtude deste convenio de colaboración, para financiar a execución do investimento, será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, tendo en conta que o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada, segundo o establecido no artigo 17.2 e 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que o Concello de Rodeiro non cumpra coas condicións establecidas neste convenio de colaboración para obter o financiamento para a execución do investimento, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora correspondente, dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos e na forma establecidos no artigo 33 a 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

QUINTA.- MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO.

a) Modificación do convenio.

As partes asinantes, poderán solicitar a modificación do presente convenio no seo da comisión de seguimento establecida na cláusula sexta do presente convenio. De acordarse a modificación, esta formalizarase a través dun instrumento que será asinado polas partes convenientes.

b) Resolución do convenio.

Serán causas de resolución do presente convenio e procederá, se é o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os xuros de mora reportados dende o momento do seu pagamento, ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, os supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Así mesmo, serán causas de resolución as seguintes:

- A denuncia de calquera das partes formulada expresamente cunha antelación mínima dun mes.
- O mutuo acordo das partes.
- O incumprimento das cláusulas do presente convenio, en particular, as obrigas das partes establecidas nas cláusulas segunda e terceira deste.
- Cando resulte inviable a realización das actuacións descritas no convenio por causas non imputables ás partes ou por se producir cambios normativos que afecten substancialmente ás disposicións vixentes a súa sinatura, que ampararon a súa subscrición.

SEXTA.- VIXILANCIA DO CONVENIO

A vixilancia e seguimento do convenio encoméndase a unha comisión mixta integrada polo xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Alcalde do Concello de Rodeiro, ou persoas en quen deleguen, e como órgano colexiado, esta comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015 do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Esta comisión terá como funcións: A coordinación, avaliación, e seguimento das actuacións estipuladas no presente convenio, así como a resolución das dúbidas e discrepancias que poidan xurdir na interpretación e aplicación do convenio.

SÉTIMA.- DURACIÓN

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2026, sen prexuízo de que as actuacións obxecto de financiamento ao abeiro do presente convenio sexan as executadas a partir do 1 de xaneiro de 2026.

En calquera momento antes da finalización do antedito período de vixencia poderá acordarse unanimemente por ambas as partes a súa prórroga por un ano adicional ou a súa extinción. Non obstante, o convenio entenderase finalizado no momento en que se realice a totalidade da achega prevista na cláusula segunda.

OITAVA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

NOVENA.- PUBLICIDADE

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMA.- CARÁCTER ADMINISTRATIVO DO CONVENIO

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexeráse polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O presente convenio queda excluído da aplicación da normativa reguladora dos contratos do Sector Público, ao abeiro do disposto no artigo 6.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, debendo aplicarse, non obstante, os principios do devandito texto legal para a resolución das dúbidas ou lagoas que puideran presentarse.

As cuestións litixiosas que xurdan respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas, en primeira instancia pola Comisión de Seguimento prevista na cláusula sexta deste convenio. Os conflitos que poidan xurdir entre as partes, e que non poidan resolverse no seo da devandita Comisión de Seguimento, someteranse á resolución da xurisdición contencioso- administrativa, dado o carácter administrativo do convenio.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data que a seguir se indica:

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

4.- SOLICITUDE DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, E A EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS S.A. (SEAGA) EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA A CONSOLIDACIÓN DO SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DE BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS

O Sr. alcalde en funcións informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes da conveniencia de adherirse ao Convenio entre o Seaga e a Xunta de Galicia para a prevención e defensa contra incendios forestais. Dito instrumento establece un sistema de colaboración financeira e técnica para garantir a xestión da biomasa nas parcelas incluídas nas faixas secundarias dos concello adheridos. Entre as actuacións incluídas están a inspección das parcelas incluídas nas redes de faixa secundarias para verificar o cumprimento das obrigas de xestión da biomasa; o envío de notificacións no caso de incumprimento; a realización de actuacións de xestión da biomasa nas vías de titularidade municipal ata un máximo de 12 quilómetros ao ano; a execución subsidiaria ata un máximo de 10 hectáreas por ano; así como subministro de especies compatibles. A duración do convenio é de catro anos e abrangue dende o día 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2029.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e de conformidade co establecido na cláusula terceira de dito Convenio, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar a adhesión do Concello de Rodeiro ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, e a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. (Seaga), en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión de biomasa nas faixas secundarias, asinado en data 15 de decembro de 2025 e publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 250, correspondente ao día 29 de decembro de 2025.

Segundo.- O Concello adhírese expresamente a todas e cada unha das cláusulas do Convenio antes citado e asume as obrigas derivadas do mesmo, con observancia de todas as súas cláusulas, en particular as referidas ás obrigas e compromisos establecidos para as entidades locais (cláusula quinta).

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde en funcións para que, na representación do Concello, asine o documento de adhesión e cantos outros resulten precisos para a efectividade do acordado.

5.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA AO ABEIRO DO PLAN EXTRAORDINARIO VÍA DEPO

Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 26 de maio do corrente, solicitouse á Deputación de Pontevedra unha subvención ao abeiro das Bases reguladoras e convocatoria do Plan Extraordinario Vía Depo, publicadas no BOP núm. 79, correspondente ao día 28 de abril de 2026. O ente provincial comunica ao Concello de que existen unidades de obra no proxecto técnico aprobado non susceptibles de subvención, polo que deben ser asumidas polo Concello. O importe de ditas unidades é de 317,97 €, IVE incluído. Cómpre, xa que logo, modificar o acordo inicial para adaptalo ás cantidades correctas.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Modificar o acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 26 de maio do corrente, nos termos que deseguido se especifican, manténdose en vigor en todo o non modificado polo presente.

Segundo.- Solicitar á Deputación Provincial unha subvención, con cargo ao Plan Extraordinario Vía Depo, por importe de CENTO OITENTA E NOVE MIL TRESCENTOS DEZASEIS EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (189.316,88 €), IVE incluído, con destino á realización e financiamento do seguinte investimento:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	SUBVENCIÓN SOLICITADA	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA OUTRAS ADMINISTRACIÓNS
REFORZO OU REPARACIÓN DE FIRMES E RECUPERACIÓN DO PAVIMENTO EN VARIOS CAMIÑOS SITUADOS NAS PARROQUIAS DA PORTELA, CAMBA, SAN SALVADOR DE CAMBA E SAN MARTIÑO DE ASPERELO	203.976,98 €	189.316,88 €	14.660,10 €	0,00 €

Terceiro.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de CATORCE MIL SEISCENTOS SESENTA EUROS CON DEZ CÉNTIMOS (14.660,10 €). O órgano que adopta este acordo é competente para comprometer esta achega.

6.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- BEGOÑA VÁZQUEZ LÓPEZ 3.000,00 €
Por asistencias a Plenos, Comisións Informativas e Xuntas de Goberno Local no primeiro semestre de 2026, s/cargo.
- PATRICIA HERMIDA DEZA 3.250,00 €
Por asistencias a Plenos e Xuntas de Goberno Local no primeiro semestre de 2026, s/cargo.
- CONCEPCIÓN ISOLINA SOMOZA CALVIÑO 400,00 €
Por asistencias a Plenos e Comisións Informativas no primeiro semestre de 2026, s/cargo.
- ELENA GAMALLO MOURE 550,00 €
Por asistencias a Plenos e Comisións Informativas no primeiro semestre de 2026, s/cargo.
- PABLO CUÑARRO FERNÁNDEZ 450,00 €
Por asistencias a Plenos no primeiro semestre de 2026, s/cargo.

- JESÚS LÓPEZ DIÉGUEZ 450,00 €
Por asistencias a Plenos no primeiro semestre de 2026, s/cargo.
- LUÍS LÓPEZ DIÉGUEZ 300,00 €
Por asistencias a Plenos no primeiro semestre de 2026, s/cargo.
- SERTECO-OR S.L. 844,83 €
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 26A/1015 e 26A/1016 (FACe).
- R.M. PRINT GALICIA S.L. 54,45 €
Por traballos de imprenta para o Concello, s/factura núm. A/260178.
- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 8.160,81 €
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de marzo de 2026, s/recibos.
- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 0,00 €
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-G6DD-004319 e 28-G6DD-050455 (FACe).
- MAPFRE ESPAÑA S.A. 6.073,82 €
Por seguro anual da póliza de responsabilidade civil municipal, s/factura núm. 75202619900020005140 (FACe).
- CEXNOR TECNIC S.L. 795,53 €
Por traballos de revisión de extintores en edificios municipais, s/factura núm. FA26/976.
- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 1.215,25 €
Por traballos de asesoría laboral e de seguridade social, s/facturas núm. 807 e 972 (FACe).
- ARCA DE NOÉ 1923, S.R.L. 1.800,00 €
Por servizo de planificación e desenvolvemento do programa de conciliación “*Concilia Verán Rodeiro 2026*” no mes de xuño de 2026, s/factura núm. ROD/001.

- MIGUEL CONDE VALES 183,17 €
Por confección de patas para banco de forxa en Álceme, s/factura núm. C-2026110.
- PABLO GARCÍA PAIS 1.676,31 €
Por traballos de reparación de diversa maquinaria municipal, s/factura núm. S-202500139.
- JESÚS DIÉGUEZ OSORIO 423,50 €
Por traballos de mantemento na biblioteca e puntos de alumeado no lugar de Rodeiro, s/factura núm. 22/2026.
- R.M. PRINT GALICIA S.L. 780,45 €
Por traballos de imprenta e papelería para a iniciativa “Sabor Labrego 2026”, s/factura núm. A/260179.
- JESÚS DIÉGUEZ OSORIO 544,50 €
Por transporte de materiais de construción para obras en camiños municipais, s/factura núm. 24/2026.
- JOSÉ MANUEL DIÉGUEZ OSORIO 2.584,86 €
Por traballos de acondicionamento de camiños nos lugares de Rañeiras e Baruncelle, s/facturas núm. T-26026 e T-26028.
- PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS S.L.U. 2.747,38 €
Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/factura núm. 5626202668000685 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente en funcións dá por rematada a sesión, sendo as dez horas cincuenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde en funcións,
(*sinatura dixital*)